

MEMORIA PROXECTO ECONOMÍA CIRCULAR – CONTIDO PROPOSTO

Este documento é unha guía orientativa do contido que debería ter a memoria da solicitude da axuda á economía circular.

Podedes estendervos a outros aspectos non mencionados aquí e que vos parezan relevantes para a mellor comprensión do proxecto, pero sen excedervos. Valorarase a claridade, precisión e concisión da descrición.

1.- BREVE PRESENTACIÓN DA EMPRESA

Queremos coñecer a túa empresa, cóntanos algo dela: como xurdiu, socios, traxectoria, actividade, proceso produtivo, produtos, mercados, etc. Brevemente, é só para poñernos en contexto.

Sector: onde desenvovas a túa actividade. Se es unha enxeñería, ou te dedicas ao mecanizado de pezas, e traballas para as empresas de automoción, por exemplo, ese é o sector no que tes que encadrar a túa actividade (identifica se ese sector pertence a un dos sectores prioritarios definidos na Axenda de Competitividade). Explica os teus motivos para encadrarte no sector que indicas.

2.- DESCRICIÓN DO PROXECTO

Que queres facer na túa empresa? (definición do obxecto do proxecto, obxectivos dos definidos no artigo 1 das bases aos que se dirixe ao proxecto, obxectivos adicionais)

Se é un proxecto colectivo, describir o mesmo pero respecto das empresas participantes: quen son (indicar se existe vinculación entre algunhas delas), a que se dedican e que relacións existen entre elas (posición na cadea de valor sectorial), como se xestou a idea abordar un proxecto de simbiose industrial, ata que nivel se van interconectar os procesos entre empresas e que tipos de intercambios e reutilización de recursos se levarán a cabo (intensidade no nivel de interacción).

Xustifica o potencial do proxecto para ser replicado e/ou escalado.

Análise previa da situación:

Como o estás facendo agora? (modelo actual de xestión)

Por que queres facer iso? Algo non funciona ben ou queres que funcione mellor? Cales son os teus obxectivos? (melloras cuantitativas e cualitativas esperadas). Describe claramente o problema ou a necesidade que queres abordar, tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo; identifica as causas, as consecuencias e as condicións de contorno que inflúen.

3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA E DESCRICIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Como e por que escolliches a solución que queres implantar? A que ámbitos da empresa afecta? Con que intensidade? Como contribúe ao teu modelo de negocio?

É unha solución comercializada que van adaptar e parametrizar para a túa empresa, é un desenvolvemento feito a medida ou vas implementar un piloto co obxectivo de escalalo posteriormente? Que referencias tes desa solución?

Quen vai ser o provedor (ou os provedores, se tes máis de un)? Por que o escolliches? Que experiencia ten co tipo de proxecto que queres implantar e co teu negocio?

Como o vas facer?

- Cronograma do desenvolvemento, duración e fases da implantación
- Explicación do gasto. Correspondencia entre a desagregación de custos do proxecto e as accións a desenvolver (non se considerarán subvencionables os gastos cuxa necesidade non estea xustificada aínda que estean incluídos no cuestionario de solicitude).
- Que recursos humanos propios da empresa estarán dedicados ao proxecto? Con que intensidade? Que labores van desempeñar? Teñen experiencia previa?
- Cales son os principais compoñentes do sistema? Como interactúan entre eles? Cales son os demais entregables do proxecto?
- Como se vai adaptar a organización ao uso? Hai unha previsión de xestión do cambio?

Como e en que medida pensas que o proxecto vai afectar á túa empresa no prazo de 5 anos? Cal pensas que vai ser o impacto na túa conta de resultados?

5.- FINANCIAMENTO

No caso de que che concedamos a axuda, o seu importe será do 25% ou do 35%, dependendo de se es mediana ou pequena empresa (e do 50% para as colaboracións externas), e pagarémoscha despois de que pagues todo o proxecto e o xustifiques correctamente. Tamén podes pedir inicialmente un anticipo de ata o 50% da axuda, co límite da anualidade orzamentaria prevista.

Como vas financiar a execución e a parte non subvencionada? Con que diñeiro contas? Vaicho prestar un banco? Vas facer unha ampliación de capital?

Como se vai financiar o proxecto despois da subvención? Xustificar como se xerarán suficientes recursos para asegurar a autosustentabilidade do proxecto a medio e longo prazo.

6.- RESUMO DE APLICACIÓN DE CRITERIOS

Para cada un dos criterios de avaliación que aparecen nas bases reguladoras, que elementos deberíamos ter en conta para puntuar o teu proxecto? (non se trata de asignarse unha puntuación, senón de indicar brevemente os méritos do proxecto relacionados con cada criterio)